

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2021 13:57:56

SAIDA 10515/21



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 52/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito do 5 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 6 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a resolución da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no expediente AIP-MI-SC-2021-01, pola que se lle concede á [REDACTED] o acceso a determinados expedientes en materia de subvencións a favor da [REDACTED]

O reclamante, como xa sinalou nas alegacións presentadas con data do 11 de marzo de 2021, considera que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) prevé un réxime xurídico específico de acceso á información a través da Base de Datos Nacional de Subvencións

(BDNS), en tanto que esta se configura como o sistema nacional de publicidade na materia consonte o artigo 20.8 LXS. Por conseguinte, en aplicación da disposición adicional primeira, apartado segundo, da Lei 19/2013, a normativa en materia de transparencia debe aplicarse con carácter supletorio.

Unha vez definida a normativa á que cómpre atender, o reclamante alega que só han de publicarse, ex art. 20.8 LXS: a convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se impute a axuda, o importe concedido, o obxectivo ou a finalidade, os beneficiarios e as dilixencias e os informes que documentan o control financeiro. Deste xeito, o resto de datos rexistrados na BDNS ten carácter reservado, sen que poida cederse ou comunicarse a terceiros en aplicación do art. 20, números 5 e 7, LXS.

O escrito viña asinado mediante un certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica.

Segundo. Con data do 7 de maio de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de maio de 2021.

Terceiro. Con data do 15 de xuño de 2021, a directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indica que, de acordo co Criterio Interpretativo 9/2015, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, a publicidade activa non exclúe a posibilidade de que os cidadáns exerciten o seu dereito de acceso á información pública. Ademais, cita a Sentenza núm. 38/2021, do 29 de xaneiro, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, cuxa *ratio decidendi* considera aplicable a este caso. De acordo con esa resolución, a LXS e a Lei 19/2013 non entran en contradición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa

disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28 da Lei 1/2016, prevé que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, reclamación que debe interporse no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. Desde a perspectiva do cómputo dos prazos, considérase que a presentación da reclamación é extemporánea, xa que o reclamante accedeu ao contido da notificación o 5 de abril de 2021, segundo consta no expediente remitido, e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 6 de maio de 2021, é dicir, fóra do prazo previsto.

Pola súa banda, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece no seu artigo 30.4, ao regular os termos e prazos, que se o prazo se fixa en meses, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo. O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a notificación ou silencio administrativo no mes de vencemento.

Os efectos da presentación da reclamación fóra de prazo, de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 39/2015, obrigan non só ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, senón tamén aos interesados. Nas reclamacións potestativas ante a Comisión de Transparencia de Galicia, debido a que teñen por obxecto a revisión dun acto administrativo, de acordo co disposto no artigo 116 d) da Lei 39/2015, é causa de inadmisión o transcurso do prazo para a interposición do recurso, sendo esta disposición plenamente aplicable a esta reclamación, de conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na normativa en materia de procedemento administrativo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, e en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 30 de maio de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo de 2017),

ACORDO

Único: Inadmitir por extemporánea a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data do 6 de maio de 2021, contra a resolución da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no expediente AIP-MI-SC-2021-01, pola que se lle concede á [REDACTED] o acceso a determinados expedientes en materia de subvencións a favor da [REDACTED]

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.07.02 12:54:17 +02'00'

M^a Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia